

REUNIÓN CG de BUGalicia de 16.12.2005

Plan de Actividades para o 2006

- Colaboración na explotación dos sistemas de xestión bibliotecaria das BUs.
- Instalación do metabuscador ENCompass nas tres universidades por medio dun grupo de traballo Consorcio-Universidades. O obxectivo deste grupo de traballo será realizar unha planificación común para a introdución homoxénea de datos, resolución conxunta e estandarizada de posibles problemas técnicos para acadar a súa implantación simultánea nas catro institucións.
- Remodelación da web de BUGalicia. Adaptación á normativa legal e introdución de novos contidos.
- Análise e proposta de adquisición de novos recursos-e de interese común para o sistema universitario galego.
- Análise de uso dos recursos electrónicos de BUGalicia.
- Estudo do factor de impacto e da cobertura por áreas das coleccións de BUGalicia.
- Sinatura do convenio cos centros de RETGALIA.
- Definición dos convenios cos Centros de Investigación da Xunta
- Convenio co SERGAS. Actualización e ampliación do estudo das coleccións actualmente contratadas polo SERGAS e BUGalicia. Determinación dos recursos a contratar consorciadamente e fixación dos termos do convenio a asinar.
- Estudo de viabilidade para a implantación de repositorios de Teses Doutorais e de Working Papers (preprints, teses doutorais, postprints, ...). Determinarase a conveniencia de realizalos independentemente por tipo de material, como fan por exemplo no Consorcio de Cataluña (teses, working papers, revistas científicas) ou conformando un único repositorio de e-prints como fai a Universidade Complutense (teses, pre e postprints)
- Estudo de viabilidade para a implantación dun portal-repositorio de revistas de investigación galegas a Texto Completo en Acceso Aberto
- Cursos de formación para bibliotecarios:
 - Necesarios para a implantación de ENCompass:
 - Metadatos (Dublin Core)
 - XML: mes de febreiro.
 - Repositorios: metodoloxía para a implantación. Exposición de experiencias prácticas
 - Lei de Propiedade Intelectual con especial referencia ás bibliotecas de investigación e aos recursos-e
- Elaboración dun novo Cadro de Persoal de BUGalicia
- Proposta razoada de incremento orzamentario para 2007
- Realización das probas selectivas anunciadas na oferta de emprego público do Consorcio